

**COMISIÓN TRIPARTITA DA FUNCIONARIZACIÓN DO PAS LABORAL DA
UNIVERSIDADE DE VIGO
ACTA Nº1-PERÍODO TERCEIRO**

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Xefe de Servizo de PAS

Jose Fernández Viña

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Alfonso Bascoy Fernández (CCOO)

Carlos Román Lago (CIG)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

XUNTA PAS

Xan M. Cebro Rodríguez (CIG, presidente)

María José Ríos Santomé (CIG)

José Antonio Gándara Perez (CIG)

Benedicta Expósito González (CIG)

María Moreira Sendón (UGT)

Teresita Aboal Somoza (UGT)

Mónica Méndez López (UGT)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alverte Pivida (CIG)

Os membros a Comisión Tripartita para a negociación da Funcionarización do PAS laboral da Universidade de Vigo reuníronse coa Xerencia ás 10:00 horas, do 4 de novembro de 2020, na Sala 20 do Campus Remoto, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas pendentes de reunións anteriores.
2. Proposta de Funcionarización do PAS Laboral

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

A Xerenta informa que se enviaron as actas nº 4 e nº5 de anteriores reunións nas que a actual xerencia non estaba. Logo de non ter recibido alegacións quedan aprobadas por unanimidade.

2. Proposta de Funcionarización do PAS Laboral

A Xerenta comeza a reunión dicindo que se enviou unha Proposta de Funcionarización do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo. A proposta recolle un marco legal, un articulado regulando a forma de iniciar o proceso de funcionarización, no Anexo I figura a creación de escalas e subescalas e os grupos onde se integrarían e no Anexo II estaría establecido o CD e CE de cada categoría. Aclara que coa funcionarización do PAS laboral a Universidade deixa de pagar a cota de desemprego polo que cos aforros acadados a intención e reinvestilos no persoal mellorando as súas condicións e contar con marxe para consolidar en estrutura algún posto por enriba de RPT.

O Vicexerente de RRHH engade que con esta proposta o que se pretende é unha homologación retributiva en función dos grupos de acceso de cada unha das escalas e categorías. Iguálanse niveis por grupos de titulación e tamén se igualan específicos tendo en conta que neste complemento específico se inclúe a paga de produtividade para dar máis seguridade retributiva. Tamén se propón a igualación dos niveis de xefe de negociado pasando todos a ser 20 ademais dun nivel mínimo de C2 nivel 18.

A Xerenta considera que esta proposta é unha proposta moi realista e adaptada ás disponibilidades orzamentarias. Engade que o proceso de funcionarización está previsto na actualidade en moitas administracións e, ao seu parecer, é unha garantía de estabilidade, ademais de que as posibilidades de promoción son moito máis elevadas sendo persoal funcionario que persoal laboral.

O Vicexerente de RRHH aclara a inclusión na proposta da previsión de promoción interna da DA 9ª. Di que é a única posibilidade real para que o 100% do persoal laboral fixo afectado poida promocionar ao grupo II.

O presidente do CEPO quere agradecer á Xerencia e a Reitoría a proposta presentada, xa que ao seu parecer, é a primeira vez que se pon enriba da mesa un documento serio para a negociación. Engade tamén, que é necesario saber a postura da Xunta de Persoal en canto á modificación da súa RPT, en definitiva, se están de acordo ou non co proceso de funcionarización. Como delegado sindical de CCOO quere deixar claro que sempre estiveron de acordo coa funcionarización aínda que nunca fixeron unha proposta porque entendían que lle correspondía á empresa a labor de presentala, e sobre iso, facer eles unha contraproposta.

O presidente da Xunta PAS respóndelle ao presidente do CEPO que están de acordo en traballar a favor da funcionarización do PAS Laboral entendéndoa como obxectivo de unificación de todo o PAS da Universidade. Considera que é unha oportunidade única, sobre todo para o persoal laboral de grupos máis baixos ao que se lle abren unhas melloras retributivas e unha carreira profesional que non teñen a día de hoxe. En definitiva, a Xunta de PAS está de acordo coa funcionarización e conta con poñerse de acordo cos comités para presentar unha contraproposta conxunta. Felicita á xerencia pola proposta enviada xa que, facendo unha comparación coa proposta presentada pola xerencia anterior, este é un documento manifestamente máis favorable para o persoal. Como exemplo cita que de levarse a cabo, a Universidade de Vigo sería a única



administración que tería os postos base en nivel 18. Por último, en relación ao persoal fixo afectado pola DA9ª di que non está de acordo coa proposta de xerencia. A súa proposta é que a funcionarización para ese persoal sexa que pasen directamente ao grupo A2. Dende a CIG di que hai antecedentes noutras administracións ademais de que entenden que é de xustiza.

Carlos Mollinedo di que o documento presentado pola xerencia é moi simple, ao seu xuízo falta información. Gustaríalle saber cales son os motivos económicos, sociais e laborais, para facer esta proposta por parte da xerencia. Tamén propón que se nomee a acta como “acta nº1 período terceiro” para diferenciala doutros intentos errados de funcionarización.

A xerenta responde que os motivos que levaron a presentar esta proposta, tanto ao equipo de goberno como particularmente á xerencia, é mellorar as condicións laborais e económicas do PAS. A proposta que se presenta faise coa vontade de negociar, sen imposicións, para chegar a elaborar un documento definitivo no que estean e acordo todas as partes implicadas. No que se refire á numeración da acta, está de acordo en nomeala como indica Carlos Mollinedo.


Rodrigo Albarte indica que dende o Comité de Empresa de Ourense tamén están de acordo en negociar para chegar ao mellor acordo posible para todos os compañeiros, aínda que o documento lles parece un tanto escaso. Pregúntalle á xerencia se ten pensado rematar os procesos pendentes de OPE, concurso, procesos selectivos ou se vai resolver todo a través da funcionarización. Considera que a parte das melloras económicas que a funcionarización supoña para o persoal, tamén espera que sirva para mellorar a RPT.

A xerenta agradece a disposición dos tres órganos de representación para a negociación polo que se compromete a que non haxa máis atrancos e se poida chegar a un acordo satisfactorio para todos. Lembra que cando chegaron ó goberno, estaban sen desenvolver as OPE´s do 2016 e 2017, e aínda que coa pandemia se produciu un parón, están apurando o máis posible para levar a cabo todos os procesos pendentes. Se acada un acordo de funcionarización haberá que ver as OPE´s pendentes de convocar e facelo xa como de persoal funcionario. Engade que a funcionarización é un primeiro paso para afondar na RPT onde se poderán crear máis postos en función das dispoñibilidades orzamentarias, sen esquecer que todo pasa pola aprobación por parte da Xunta de Galicia.

Teresita Aboal pregunta se a proposta achegada se pode facer pública. Pregunta tamén cal sería a denominación correcta dos TEB xa que no documento achegado figuran con dúas diferentes. Por último indica que habería que revisar o temario do curso a facer, xa que para algúns grupos parécelle excesivo.

A xerenta responde, no referido á publicidade do borrador, que non hai ningún problema para facelo público. No referido aos TEB, di que a denominación correcta sería grupo C1, técnico administrativo.

O Vicexerente de RRHH explica que as retribucións que percibiría o persoal laboral que se funcionarice tería os seguintes conceptos: soldo, paga extra, complemento de




destino e o complemento específico co engadido do complemento de produtividade que percibe o PAS funcionario e que se consolida no específico. Nos casos en que o persoal teña dispoñibilidade horaria ou horario de mañá e tarde se lle engadiría un complemento de xornada.

O presidente do CEPO di que o proceso de funcionarización é un proceso voluntario, polo que espera chegar a un acordo o suficientemente atractivo para que se funcionarice o maior número posible de compañeiros. Pide á xerencia que lle explique o punto 4 da páxina 3 da proposta, onde di: "O proceso de funcionarización non poderá supoñer nin incremento do cadro do persoal de administración e servizos nin dos seus custos."


O Vicexerente de RRHH contesta que os custos son os referidos á masa salarial. Tómase como referencia o presupostado no ano 2020 do pas laboral, e sobre ese orzamento calcúlase o aforro que supón o 5,70% de cota social, e esa cantidade aplícase ao custo que supón a proposta que se enviou.

A xerenta aclara que a funcionarización nunca pode supoñer máis gasto para a Universidade, xa que de ser así, de ningún xeito se autorizaría. Por último empra a aos presentes para unha vindeira reunión cando dispoñan dunha proposta que se traslade a xerencia.


E sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 12:20h



Presidente Xunto PAS F
Xoán M. Ceiro Rodríguez



Presidente CEPO
Marcos Estevez
Orpe



Representante CEO na Comisión
Rodrigo Alberto Pincha



A Xerenta
Raquel M. Souto García